

Principios e valores democráticos aliñados cos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) no deseño dos planes de estudo dos títulos universitarios oficiais da Universidade da Coruña

No artigo 4 do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento aseguranza da súa calidade, faise referencia aos principios reitores no deseño dos planes de estudos do títulos universitarios oficiais. Ademais dos principios xerais que deberán inspirar o deseño dos planes de estudo, tamén se indica que estes deberán ter como referente os principios e valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable, e en particular:

- a) o respecto aos dereitos humanos e dereitos fundamentais; os valores democráticos –a liberdade de pensamento e de cátedra, a tolerancia e o recoñecemento e o respecto á diversidade, a equidade de todas as cidadás e de todos os cidadáns, a eliminación de todo contido ou práctica discriminatoria, a cultura da paz e da participación, entre outros–;
- b) o respecto á igualdade de xénero atendendo ao establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e de homes, e ao principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de nacemento, orixe nacional ou étnica, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, características sexuais, enfermidade, situación socioeconómica ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social;
- c) o respecto aos principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, de conformidade co disposto na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro;
- d) o tratamento da sustentabilidade e do cambio climático, de conformidade co disposto no artigo 35.2 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

Co fin de dar cumprimento a esta esixencia do RD 822/2021, a UDC establece seis categorías de valores e obxectivos que deberán de se desenvolver a través da formación proporcionada ao noso estudiantado e que, por tanto, deberán de se incluír en todos os títulos universitarios oficiais. Estas categorías recollen e amplían o alcance das denominadas “competencias tipo C (transversais/nucleares)” da UDC .

C1. Compromiso social, saudable e sustentable**C2. Investigación e innovación****C3. Xestión da tecnoloxía en contextos dixitais****C4. Liderado e traballo en equipo****C5. Comunicación clara e eficaz****C6. Autorregulación e iniciativa**

Estes valores e obxectivos deberán incorporarse como contidos, competencias ou habilidades de carácter transversal, no formato que o centro ou a universidade decida, nas diferentes ensinanzas oficiais que se oferten, segundo proceda e sempre atendendo á súa natureza académica específica e aos obxectivos formativos de cada título.

Co obxectivo de facilitar o proceso de elaboración dos planes de estudo dos títulos universitarios oficiais, presentamos a continuación os resultados de aprendizaxe, clasificados como coñecementos ou contidos, competencias, e habilidades ou destrezas, que se inclúen en cada categoría. Identificaranse para cada título os máis relevantes de cada categoría, tal e como se recolle no anexo II (Modelo de memoria para a solicitude de verificación do plan de estudos dun título universitario oficial) do RD822/2021, punto 4.e. Estes resultados deben ser avaliábeis, e deben centrarse naqueles coñecementos ou contidos, competencias e habilidades ou destrezas académicamente relevantes e significativas que definen o proxecto formativo que é un título universitario oficial. O seu número non debe exceder en ningún caso a capacidade para a súa adquisición polo estudiantado, a viabilidade organizativa do plan de estudos nin a racionalidade do sistema de avaliación que valore o progreso na aprendizaxe (Anexo II do RD822/2021, punto 2). Deberase incorporar cando menos un resultado de aprendizaxe vinculado a cada unha das seis categorías. A súa redacción pode ser adaptada e contextualizada en cada título, tendo en conta que poden requirir dunha gradación de acordo á área de estudo, ás saídas profesionais, ao perfil de egreso e ás condicións particulares do título e/o do centro.

C1. Compromiso social, saudable e sustentable

- RAC1.1: Aplicar habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
- RAC1.2: Integrar na súa profesión o respecto á diversidade e a equidade entre todas as persoas, implementando unha mirada inclusiva e con perspectiva de xénero.
- RAC1.3: Formular propostas baseadas na cultura da paz, da defensa dos dereitos humanos e da participación comunitaria.

- RAC1.4: Aplicar no exercicio da súa profesión principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.
- RAC1.5: Identificar oportunidades e desafíos que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social na liña do recollido nos ODS.

Relación de resultados do proceso de formación e aprendizaxe do estudiantado	Clasificación segundo o RD822/221		
	Coñecementos Contidos	Competencias	Habilidades Destrezas
RAC1.1			X
RAC1.2		X	
RAC1.3		X	
RAC1.4			X
RAC1.5	X		

C2. Investigación e innovación

- RAC2.1: Identificar os aspectos de actualización da propia profesión ao longo da vida de acordo co avance socioeconómico e cultural da sociedade.
- RAC2.2: Diseñar proxectos e solucións, identificando os retos emerxentes, e aplicarlos ás necesidades reais da contorna social e económica.
- RAC2.3: Transferir o coñecemento adquirido aplicando na práctica solucións novidasas e creativas.
- RAC2.4: Analizar as evidencias recollidas na resolución dun problema aplicando o método científico.

Relación de resultados do proceso de formación e aprendizaxe do estudiantado	Clasificación segundo o RD822/221		
	Coñecementos Contidos	Competencias	Habilidades Destrezas
RAC2.1	X		
RAC2.2		X	
RAC2.3		X	
RAC2.4			X

C3. Xestión da tecnoloxía en contextos dixitais

- RAC3.1: Empregar ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión.
- RAC3.2: Adaptarse a novos contextos dixitais de forma flexible e baseándose nunha aprendizaxe continua.
- RAC3.3: Participar de forma responsable nas contornas dixitais, aplicando protocolos de ciberseguridade e protección de datos persoais.



Relación de resultados do proceso de formación e aprendizaxe do estudiantado	Clasificación segundo o RD822/221		
	Coñecementos Contidos	Competencias	Habilidades Destrezas
RAC3.1			X
RAC3.2		X	
RAC3.3		X	

C4. Liderado e traballo en equipo

- RAC4.1: Xestionar os tempos e recursos nos grupos de traballo (desenvolvemento de plans, priorización de actividades, identificación e xestión de críticas, identificación de roles, xestión de xuntanzas, cumprimento de compromisos persoais...).
- RAC4.2: Planificar e coordinar tarefas en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares ofrecendo propostas que contribúan á eficacia do traballo colaborativo.
- RAC4.3: Desenvolver unha escoita activa nos grupos de traballo mantendo unha actitude empática e asertiva.

Relación de resultados do proceso de formación e aprendizaxe do estudiantado	Clasificación segundo o RD822/221		
	Coñecementos Contidos	Competencias	Habilidades Destrezas
RAC4.1			X
RAC4.2		X	
RAC4.3			X

C5. Comunicación clara e eficaz

- RAC5.1: Expresar as ideas e argumentos de xeito claro e con corrección, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
- RAC5.2: Dominar a expresión e comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
- RAC5.3: Elaborar textos de diferente tipo especialmente relacionados co seu perfil profesional, facilitando a súa comprensión ás persoas a quen van dirixidos.
- RAC5.4: Adaptar os textos á situación comunicativa.

Relación de resultados do proceso de formación e aprendizaxe do estudiantado	Clasificación segundo o RD822/221		
	Coñecementos Contidos	Competencias	Habilidades Destrezas
RAC5.1	X		
RAC5.2	X		
RAC5.3			X
RAC5.4		X	



C6. Autorregulación e iniciativa

- RAC6.1: Valorar o emprendemento como elemento fundamental do impacto da universidade na sociedade e coñecer os recursos ao alcance de persoas emprendedoras.
- RAC6.2: Tomar decisións informadas, valorando as consecuencias éticas das mesmas, así como o impacto e a responsabilidade profesional vinculadas.
- RAC6.3: Determinar as propias fortalezas e puntos de mellora no desenvolvemento de tarefas no plano persoal e profesional.
- RAC6.4: Debater e argumentar de xeito construtivo as solucións a retos propostos.

Relación de resultados do proceso de formación e aprendizaxe do estudiantado	Clasificación segundo o RD822/221		
	Coñecementos Contidos	Competencias	Habilidades Destrezas
RAC6.1		X	
RAC6.2		X	
RAC6.3			X
RAC6.4			X